O control xudicial da acción administrativa. O contencioso administrativo (I)	1. Formulación xeral do contencioso administrativo. 2. O ámbito da xurisdición. 3. Os órganos da xurisdición. 4. O recurso contencioso-administrativo. 4.1. As partes. 4.2. O obxecto do recurso.
O control xudicial da acción administrativa. O procedemento contencioso-administrativo (II)	1. O procedemento ordinario en primeira ou única instancia. 2. O procedemento abreviado. 3. Os procedementos especiais. 4. Os recursos contra providencias, autos e sentenzas. 5.Execución de sentenzas. 6. Medidas cautelares.
A expropiación forzosa	1. Evolución histórica e concepto actual. 2. Lexislación aplicable. 3. Elementos da expropiación forzosa 3.1. Suxeitos da expropiación. 3.2. A causa ou fin da expropiación 3.3.O obxecto da potestade expropiatoria 4. O procedemento expropiatorio 4.1. A declaración de necesidade de ocupación. 4.2. O acordo de necesidade de ocupación. 4.3. A determinación do justiprecio. 4.4. O pago e toma de posesión 4.5. A expropiación urxente 5. As garantías do expropiado 5.1. Os intereses de demora 5.2. A retasación 5.3. O dereito de reversión
A responsabilidade patrimonial da Administración.	1. Concepto. 2. A responsabilidade por actos lexislativos e polo funcionamento da Administracion de xustiza 3. Os requisitos da responsabilidade patrimonial da Administración. 3.1. A lesión resarcible 3.2. A imputación do dano 3.3. A relación de causalidade 4. Extensión e cálculo da reparación. 5. A reclamación administrativa de responsabilidade. 5. O principio de unidade xurisdicional. 6. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións públicas
As formas da actividade administrativa	1. Criterios de clasificación da actividade administrativa. 2. A actividade administrativa de policía ou de limitación. 2.1. Caracterización xeral e principais manifestacións. 2.2. A técnica autorizatoria. As declaracións responsables e as comunicacións previas. 2.3. A delimitación administrativa de dereitos. 3. A actividade administrativa de fomento. Especial referencia á subvención. 4. A actividade administrativa de servizo público. 5. Outras formas de actividade.
As sancións administrativas	1. A potestade sancionadora da Administración 2. Os principios da potestade sancionadora 2.1. O principio de legalidade 2.2. O principio de tipicidad 2.3. A irretroactividad das normas sancionadoras desfavorables 2.4. A responsabilidade 2.5. O principio de proporcionalidade 2.5. Principio non bis in idem 2.6 A prescrición 3. O procedemento sancionador

Os bens públicos	1. Clasificación dos bens públicos e principios xerais. 2. Natureza xurídica e elementos configuradores do dominio público. 3. Dinámica da demanialidad. 4. Utilización do dominio público. 5. Protección e defensa dos bens de dominio público. 6. Determinados bens de dominio público.
O persoal ao servizo da Administración Pública	1. O sistema español de emprego público. Función pública e réxime laboral. 2. O acceso ao emprego público. 3. A carreira funcionarial. 4. Contido da relación funcionarial. 5. Os dereitos colectivos dos funcionarios.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	32	30	62
Estudo de casos	15	20	35
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	20	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	12	13
Estudo de casos	2	17	19

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo
Estudo de casos	Resolución de supostos prácticos.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Serán abordadas e resoltas as dúbidas formuladas polos alumnos sobre os contidos do tema, e na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos
Estudo de casos	Serán abordadas e resoltas as dúbidas formuladas polos alumnos sobre os contidos do tema, e na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results	
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.- Resolución de problemas e/ou exercicios: o 10 % da cualificación final será avaliado polo profesorado encargado da materia atendendo á participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, así como á realización escrita dos exercicios prácticos propostos polo profesorado. 2.- Probas de coñecementos teóricos: durante o cuadrimestre realizaranse unha ou máis probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia, que suporán un 10 % da nota final. En ningún caso a superación destas probas eximirá da realización do exame final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia. 3.- O profesorado da materia poderá, se así o indica o primeiro día de clase, substituír os dous puntos anteriores por unha asignación do 20 % da cualificación á participación activa durante as clases teóricas.	20	A1 A2 A3 A4 A5	D3 D5

Exame de preguntas de desenvolvemento	4.- Exame teórico: ao final do cuadrimestre realizarase un exame no que o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos teóricos da materia mediante respostas de extensión intermedia. Este exame poderá ser oral ou escrito. A cualificación obtida nesta proba suporá o 40 % da nota final. A data da súa celebración será fixada polo docente no cronograma da materia. 5.- O profesorado da materia poderá, se así o indica o primeiro día de clase, substituír a avaliación do punto 4 por unha asignación do 40 % da cualificación á participación activa durante as clases prácticas.	40	A1 A2 A3 A4 A5	D3 D5
Estudo de casos	6.- Exame teórico-práctico final: Na data prevista no calendario oficial de exames realizarase unha proba ou exame final para avaliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos durante o cuadrimestre, que suporá o 40 % da cualificación final. Este exame poderá ser oral ou escrito.	40		

Other comments on the Evaluation

CONVOCATORIA COMÚN DECEMBRO/XANEIRO (sistema de avaliación continua/sistema de avaliación final)
a) Avaliación continua. Entenderase que o/a alumno/a se acolle ao sistema de avaliación continua cando realice algunha das probas mencionadas (test/cuestionario, exame teórico e exame teórico-práctico). Non é posible renunciar á avaliación continua unha vez realizada algunha destas probas. O/a estudante deberá acreditar a asistencia ao 80 % das clases prácticas e unha asistencia regular ás clases teóricas. Nestas últimas realizaranse controis de asistencia aleatorios. Para seguir a avaliación continua é requisito imprescindible dita asistencia mínima e, en caso de que por calquera motivo non se cumpra, o alumnado non será avaliado e terá como alternativa o sistema de avaliación non continua.
Para aprobar a materia é necesario que a nota final da avaliación continua (participación, probas test/cuestionario e exame teórico) e a nota do exame final teórico-práctico sumen un mínimo de 5 puntos sobre 10. En todo caso, para que esta suma se poida realizar no exame teórico-práctico final será requisito imprescindible obter, á súa vez, unha nota mínima de 5 sobre 10.
CONVOCATORIA COMÚN DO MES DE JULIO: Se o/a alumno/a non superase na convocatoria común do mes de decembro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Neste caso, o exame final só suporá o 40 % da cualificación. É necesario acadar nesta proba unha puntuación de 5 sobre 10 para que se sume a puntuación obtida na avaliación continua.
Recoñécese o dereito á **avaliación non continua**; neste caso, o 100 % da cualificación avaliarase mediante un exame final.
O exame final poderá ser oral ou escrito e estará composto por preguntas teóricas e prácticas sobre os conceptos da materia e as súas relacións entre si.
CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: Na convocatoria de fin de carreira, o alumnado será avaliado nun único exame escrito ou oral, composto por preguntas teóricas e prácticas sobre os conceptos da materia e as súas relacións entre si, que representará o 100 % da cualificación final.
As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade e publicadas na Web http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es.
Non está permitido levar ao exame ningún dispositivo electrónico.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Esteve Pardo, J., **Lecciones de Derecho Administrativo**, Última edición, Marcial Pons,
Fernández, Tomás-Ramón; García de Enterría y Martínez-Carande, Eduardo, **Curso de Derecho Administrativo I y II**, Última edición, Civitas,
Fuentetaja Pastos, J.A. y Parada Vázquez, R., **Derecho de la Función Pública**, Última edición, Civitas,
Gamero Casado, E., **Derecho Administrativo**, última edición, Tecnos,
Martín Rebollo, L., **Leyes administrativas**, úlitma edición, Aranzadi,
Martín Rebollo, L., **Empleo Públcio**, Aranzadi, 2026
Menéndez, Pablo y Ezquerra, Antonio (dirs.), **Lecciones de Derecho Administrativo,**, 1ª Ed., Civitas-Thomson Reuters,
Parada Vázquez, J.R., **Derecho Administrativo, Tomos I, II, y III**, última edición, Open Ediciones Universitarias SL,
Santamaría Pastor, A., **Principios de Derecho Administrativo**, última edición, Iustel,
Velasco Caballero, F., M. M. Darnaculleta Gardella, **Manual de Derecho administrativo**, Última edición, Marcial Pons,

Complementary Bibliography

Sánchez Morón, M.,, **Régimen Jurídico de los Funcionarios Internios**, Última edición, Aranzadi,

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)/V08G081V01947
Dereito administrativo económico/V08G081V01945

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403
Dereito internacional privado/V08G081V01602
Dereito do traballo e da seguridade social/V08G081V01504
Dereito procesual penal/V08G081V01601
Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito administrativo I/V08G081V01401
Dereito: Dereito constitucional II/V08G081V01204
Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103

Other comments

Esta materia impártese tamén no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao Ade-Dereito no primeiro cuadrimestre do terceiro curso, e o profesor responsable é Juan Antonio Hernández Corchete (corchete@uvigo.gal).

IDENTIFYING DATA				
Dereito do traballo e da seguridade social				
Subject	Dereito do traballo e da seguridade social			
Code	V08G081V01504			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Mandatory	3	1c
Teaching language	Galego			
Department	Dereito público especial			
Coordinator	Cabeza Pereiro, Jaime			
Lecturers	Cabeza Pereiro, Jaime Dozo Mougán, Irene Martín Romero, Ana María Rodríguez Martín-Retortillo, Rosa María			
E-mail	jcabeza@uvigo.es			
Web				
General description	Nesta asignatura se aborda amplamente as institucións de Dereito do Traballo, con particular atención ao contrato de traballo. Tamén se trata o Dereito Colectivo, con énfase na liberdade sindical nos dereitos de participación, negociación e conflito, además do dereito de folga. E descríbese someramente o réximen español de Seguridade Social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Code	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C9	CE9 - Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais individuais e colectivas e de Seguridade Social
C10	CE10 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social e abordar a súa solución mediante o manexo e interpretación de fontes e doutrina xudicial
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia			
Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	A1	B1 B3	C9 C10
Coñecer e interpretar a regulación básica do contrato de traballo.	A2 A3	B1 B3	C9 C10
Coñecer e interpretar as institucións de Dereito colectivo do Traballo.	A2 A3	B1 B3	C9 C10
Coñecer e interpretar as institucións de Seguridade Social.	A2 A3	B1 B3	C9 C10

Manexar acaídamente a lexislación laboral e de Seguridade Social	A3 A4 A5	B1 B3 B4	C10	D1 D5
Aplicar nos conflitos individuais e colectivos as normas legais e pactadas	A3 A4 A5	B1 B3 B4	C10	D1 D3 D5

Contidos	
Topic	
PARTE I.- INTRODUCCIÓN E FONTES	TEMA 1.- CONCEPTO E ÁMBITO APLICATIVO DA DISCIPLINA Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo □por conta allea□ e a dependencia. O traballo na era dixital e da IA. O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo económicamente dependente. Exclusións legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades.Funcionarios públicos e demáis persoal estatutario. Prestacións persoais obrigatorias. Transportistas. Bolseiros: o estatuto do bolseiro. Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penitenciarias. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferencias cos axentes mercantís. Traballadores discapacitados en centros especiais. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares. Especial consideración ás sociedades laborais e ás cooperativas de traballo asociado.
	TEMA 2. FONTES DO DEREITO DO TRABALLO. Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2008 (Roma I). O art. 1.4 ET. Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión. Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e recomendacións da OIT.- Normativa do Consello de Europa. Normativa da Unión Europea. Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respeto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa,irrenunciabilidade de dereitos, pro operario.- O Dereito común.
PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO	TEMA 3. O CONTRATO DE TRABALLO. Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidade do traballador. A idade.- Estranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información e transparencia do traballador.- Período de proba.
	TEMA 4. POLÍTICAS DE EMPREGO E RELACIÓNS TRIANGULARES DE TRABALLO E SERVIZO. Políticas activas de emprego. Empregabilidade. Intermediación. Colectivos de atención prioritaria. Servizos públicos de emprego e entidades colaboradoras. Fomento do emprego. Incentivos. Relacións triangulares de traballo.- A descentralización productiva. Concepto e tipoloxía. Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo. Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa. Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.

	TEMA 5. MODALIDADES DE CONTRATO DE TRABALLO. Contratos indefinidos.- Particularidades no caso do traballo fixo discontinuo. Contrato formativo.- Formación en alternancia con traballo retribuído. Contratos temporais estruturais.- Circunstancias da produción.- Substitución. Contratos temporais de fomento do emprego.- Persoas con discapacidade.- De relevo. Reglas xerais aplicables a todos os contratos temporais. Contrato a tempo parcial.- Concepto. Forma.- Voluntariedade. Tránsito á xornada completa e viceversa.- Horas complementarias. O traballo a distancia. Teletraballo
	TEMA 6. OBRIGAS E DEREITOS BÁSICOS DO TRABALLADOR. Prestación do traballo.-Dilixencia e rendemento normal.-Obediencia e desobediencia lexítima.-A non concorrencia. Pactos de exclusividade e de permanencia. Respeto á dignidade e igualdade de tratamento.- Dereito a intimidade.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de sexo. Discriminacións directas e indirectas. Outras formas de discriminación.- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais. Protección de denunciantes.
	TEMA 7. A RETRIBUCIÓN. Concepto. Clases de salarios. Non discriminación por razón de sexo. Presunción de salario.- Percepcións non salariais.- Estrutura salarial. Salario base e complementos salariais.- Salario mínimo interprofesional.- Absorción e compensación.- Gratificacións extraordinarias.- Pagamento do salario. Mora e anticipos. Documentación.- Aseguramento do pagamento. O Fondo de Garantía Salarial. Os cretos salariais preferenciais. En caso de concurso. Protección procesual común do salario. Inembargabilidade.
	TEMA 8. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E OUTROS DEBERES DO EMPRESARIO. A prevención de riscos laborais. A LPRL e a súa normativa de desenvolvemento.- Dereitos e obrigas.- Servizos de Prevención.- Consulta e participación dos traballadores.- Responsabilidades. Outros deberes do empresario .
	TEMA 9. TEMPO DE TRABALLO Regulación da xornada de traballo ordinaria. Concepto de tempo de traballo e de descanso. Xornada máxima.- Xornada irregular e compensación de xornada. Tempos de traballo e tempos de descanso.- Desconexión dixital.- Xornadas especiais. Horas extraordinarias. O calendario laboral.- O horario.- Rexistro de xornada. Traballo nocturno e a quendas.- Descansos semanais e festivos.- Vacacións anuais.- Permisos e outras ausencias do traballo.- Xornada e conciliación da vida familiar e laboral.
	TEMA 10. O PODER DE DIRECCIÓN DO EMPRESARIO E AS MODIFICACIÓNS DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO. O poder de dirección do empresario. Concepto. Vixilancia e control empresarial da actividade laboral do traballador e o respecto aos dereitos fundamentais. Poder de dirección e decisións automatizadas. A clasificación profesional. O grupo profesional.- O encadramento e a polivalencia funcional. Mobilidade funcional. Horizontal e vertical. Límites. Mobilidade xeográfica. Traslados. Desprazamentos. Referencia aos desprazamentos transnacionais.Modificación sustancial das condicións de traballo. Modificacións individuais e colectivas. Período de consultas.

	TEMA 11. SUSPENSIÓN DO CONTRATO. Concepto e efectos xerais. Reserva de posto e suspensión de salario. Causas de suspensión: Mutuo acordo e causas válidamente consignadas no contrato Incapacidade temporal e incapacidade permanente.- Nacemento, adopción, garda con fines de adopción o acollemento.- Risco durante o embarazo e lactación natural.- Cargo público representativo e excedencia forzosa. Funciones sindicais.- Privación de liberdade e prestacións personais obrigatorias.- Suspensión disciplinaria.- Suspensións colectivas. Redución temporal de xornada o suspensión temporal por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Forza maior temporal. Mecanismo Rede de Flexibilidade e Estabilización do Emprego.- Folga e lockout.- Vítima de violencia de xénero. Excedencias: Forzosa.- Voluntaria.- Para coidado de fillo e para coidado de familiares. Permiso parental.
	TEMA 12. A EXTINCIÓN DO CONTRATO Introducción. Concepto. Causas. O recibo de finiquito.Por cumprimento e por vontade das partes. Por causas válidamente pactadas.-. Expiración do termo.- Por mutuo acordo. Por desaparición ou incapacidade dunha das partes. Por causas atinxentes ao empresario.- Por causas atinxentes ao traballador. Por vontade unilateral do traballador. Dimisión e abandono.- Resolución causal por decisión do traballador. Por vontade unilateral do empresario. O concepto de despedimento.- Tipoloxía.
	TEMA 13. O DESPEDIMENTO. O despedimento disciplinario e a sua xustificación. Causas xustas (estatutarias e extraestatutarias).- Forma. Carta de despedimento, audiencia a delegados sindicais e expediente contradictorio. Dereito de defensa previa. Outras.- Cualificación e efectos. Procedente, improcedente e nulo.- O caso do despedimento tácito.- Outras sancións. Legalidade e tipicidade. Límites legais. Formalidades. Prescripción das infraccións. O despedimento por causas obxectivas. Concepto e causas.- Requisitos e forma.- Cualificación e efectos. O despedimento colectivo. Concepto e causas.- O procedemento de despedimento colectivo. Cualificación e efectos
PARTE III. DEREITO COLECTIVO DO TRABALLO	TEMA 14. LIBERDADE SINDICAL E DEREITO DE ASOCIACIÓN EMPRESARIAL A liberdade sindical. Concepto.- Ámbito subxectivo.- As asociacións empresariais como suxeitos excluídos.- Contido esencial e adicional.- Tutela da liberdade sindical. Sindicatos e organizacións empresariais. Réxime xurídico. Representatividade sindical. A maior representatividade e a suficiente representatividade.- A representatividade empresarial.
	TEMA 15. PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES E ACCIÓN SINDICAL NA EMPRESA Representación estatutaria. Delegados de persoal e comités de empresa.- Comité conxunto e comité intercentros.- Comités de empresa europeos.- Delegados de prevención (remisión). Competencias dos representantes. Garantías e prerrogativas. Procedemento electoral. Representación sindical. Seccións sindicais e delegados sindicais. Cargos electivos sindicais: dereitos. Asemblea de traballadores.
	TEMA 16. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA SUXEITOS NEGOCIADORES E ÁMBITOS PERSOAL, FUNCIONAL, TERRITORIAL E TEMPORAL. A lexitimación para negociar e as unidades de negociación.- A concorrencia de convenios.- Duración e sucesión de convenios.- O proceso de negociación dos convenios. Solicitude de negociación e constitución da comisión negociadora.- Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios.- Control da ilegalidade ou lesividade. Adhesión e extensión. O contido dos convenios e a súa administración. Contido mínimo.- Contido normativo e obrigacional.- Interpretación e aplicación do convenio. Inaplicación. Plans de igualdade. A negociación colectiva extraestatutaria.- Os acordos de empresa.

	TEMA 17. O DEREITO FUNDAMENTAL DE FOLGA. CONFLITOS COLECTIVOS E PROCEDEMENTOS DE SOLUCIÓN Medidas de conflicto colectivo. O dereito de folga. Concepto. Fontes reguladoras.Titularidade. convocatoria, comité de folga e publicidade. Servizos de seguridade e mantemento. Limites: folgas ilegais e folgas ilícitas ou abusivas.Procedemento de desenvolvemento. Efectos. Folgas en servicios esenciais.- O peche patronal. Sistemas de solución de conflitos colectivos. Especial referencia aos procedementos de conciliación, mediación e arbitraxe e ao procedemento de conflito colectivo.
PARTE IV.- SEGURIDADE SOCIAL	TEMA 18. O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL. Estrutura do sistema de Seguridade Social. O modelo constitucional de Seguridade Social.- Nivel profesional ou contributivo.- Nivel asistencial ou non contributivo. Prestacións- Réxime Xeral e Reximes Especiais da Seguridade Social. Xestión da Seguridade Social. Entidades xestoras e servizos comúns.- Entidades colaboradoras. Actos de encadramento. Inscrición, afiliación, altas e baixas. Financiamento do Sistema de Seguridade Social. En particular, no Réxime Xeral. O deber de cotización. Bases, tipos e cuotas
	TEMA 19. A ACCIÓN PROTECTORA NO REXIME XERAL DE SEGURIDADE SOCIAL. Riscos profesionais e riscos comúns. Accidente de traballo, enfermidade profesional, enfermidade común e accidente non laboral. Tipoloxía e extensión da acción protectora. Definición, requisitos de acceso e contía: Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Nacemento e coidado do menor. Risco durante o embarazo e a lactancia e cancro ou enfermidade grave de menor. Exercicio corresponsable do coidado do lactante. Incapacidade permanente. Xubilación. Morte e supervivencia. Protección á familia. Desemprego.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Estudo de casos	23	44	67
Lección maxistral	51	28	79
Exame de preguntas obxectivas	2	31	33
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Observación sistemática	14	10	24

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Estudo de casos	Formulación e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. Para ese efecto, o docente proporá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos, sentenzas, etc., coa finalidade de coñecelos, interpretalos, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os seus coñecementos e adestrarse en procedementos alternativos de solución de conflitos.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudio, as súas bases teóricas e directrices principais, contidos que deberán ser estudiados polo alumnado e que serán obxecto de avaliación.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Estudo de casos	Tanto na lección maxistral como no estudio de casos levaránse a cabo entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estructura a materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results

Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre realizaranse 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 20% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do exame final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	40	A2 A3 A4	B1 B3 B4	C10	D3 D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluirá entre 4 e 7 preguntas de desenvolvemento -breve ou medio- sobre os distintos epígrafes ou subepígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 40 % da nota final. Non obstante, para poder ser avaliado polo sistema de avaliación continua, é preciso acadar como mínimo un 4 sobre 10 nesta proba.	40	A2 A3 A4	B1 B3	C10	D1 D3 D5
Observación sistemática	Avaliación continua das clases teóricas e prácticas. As actividades concretas obxecto de avaliación serán especificadas e explicadas polo docente responsable o primero día da clase.	20				

Other comments on the Evaluation

CONVOCATORIA ORDINARIA XANEIRO (Sistema de avaliación continua/sistema avaliación final). DATA EXAMEN: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade a) Avaliación continua. Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar asistencia a un 80 % das clases teóricas e prácticas, sen que, salvo casos excepcionais -ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, se permita xustificar a ausencia. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final. EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN DA OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA E NAS PROBAS TIPO TEST-EXAME PREGUNTAS OBXECTIVAS- POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NO EXAME DE PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MÍNIMA DE 4 SOBRE 10 NESTA ÚLTIMA PROBA. DE NON OBTERSE UN 4, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, PODENDO CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA.

b) Avaliación final. O estudantado que non se acolla ao sistema de avaliación continua ou que renuncie, será avaliado nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e de carácter práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final, computanto o 70% a parte teórica e o 30% a parte práctica). CONVOCATORIA ORDINARIA XUÑO/XULLO (2º oportunidade) DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade Se o alumnado non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de xaneiro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xuño-xullo (2ª oportunidade). Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o alumnado tería que someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica. CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade Na convocatoria FIN DE CARREIRA o alumno será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico que representará o 100 % da nota final (70% parte teórica e 30% parte práctica).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

CRUZ VILLALÓN, J, **Compendio de Derecho del Trabajo**, 19 edic, 2026

MARTÍN VALVERDE, A., RODRÍGUEZ-SAÑUDO GUTIÉRREZ, F. Â y GARCÍA MURCIA, J,, **Derecho del Trabajo**, 35 edic., 2026

Compendio de legislación laboral,

Complementary Bibliography

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, Mª E., **Derecho del Trabajo**, 26 edic, 2009
PALOMEQUE LÓPEZ, M.C. y ÁLVAREZ DE LA ROSA, M., **Derecho del Trabajo**, 30 edic, 2022

Recomendacións

IDENTIFYING DATA				
Dereito procesual penal				
Subject	Dereito procesual penal			
Code	V08G081V01601			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público			
Coordinator	Martínez Molares, Paula			
Lecturers	Farto Piay, Tomás Martínez Molares, Paula			
E-mail	pamartinez@uvigo.gal			
Web				
General description	Na materia Dereito Procesal Penal estúdanse as institucións básicas do proceso penal, como instrumento tendente á investigación e enxuizamento das condutas delituosas, así como o funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C28	CE34 - Coñecer as institucións básicas do proceso penal e o funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.
C29	CE35 - Ser capaz de identificar os problemas xurídicos-procesuais de carácter penal e abordar a súa solución mediante a interpretación e aplicación crítica da normativa procesual penal
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia				
Expected results from this subject	Training and Learning Results			
O coñecemento por parte do estudante das institucións básicas do proceso penal así como familiarizarse co funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentales.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C28 C29	D1 D3 D4 D5

Contidos
Topic

PARTE PRIMEIRA: CONCEPTOS XERAIS E PRESUPOSTOS PROCESUAIS	LECCIÓN 1. O PROCESO PENAL 1. Evolución histórica. 2. Os sistemas procesuais penais. 3. Fontes. 4. Concepto e función do proceso penal. LECCIÓN 2. ESTRUTURA E PRINCIPIOS INFORMADORES 1. Estrutura do proceso de declaración. 2. Principios informadores do proceso penal. LECCIÓN 3. A COMPETENCIA 1. Orzamentos procesuais relativos ao órgano xurisdiccional. Xurisdición. 2. Competencia obxectiva. 3. Competencia funcional. 4. Competencia territorial. 5. A conexión. LECCIÓN 4. As PARTES E O OBXECTO NO PROCESO PENAL 1. Concepto e clasificación das partes. 2. As partes activas do proceso penal. 3. As partes pasivas do proceso penal. 4. O obxecto do proceso penal.
PARTE SEGUNDA: DESENVOLVEMENTO DO PROCESO PENAL	LECCIÓN 5. FORMAS DE INCOACIÓN 1. A denuncia. 2. O atestado. 3. A querela. 4. Formas especiais de incoación. LECCIÓN 6. A FASE DE INSTRUCIÓN 1. A Investigación preliminar. 2. A instrución xudicial: concepto e clases. Regras xerais sobre o procedemento. 3. Formulación da imputación polo Xuíz: concepto e significado. Formas de realizar a imputación nos distintos procesos ordinarios. LECCIÓN 7. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN (I) 1. Concepto e diferenciación cos actos de proba. Proba anticipada e proba preconstituida. 2. Dilixencias para a identificación do delincuente e das súas circunstancias persoais. 3. Dilixencias sobre o corpo do delito. 4. Inspección ocular. 5. Reconstrución dos feitos. 6. Declaración do investigado. 7. Declaracións testemuñais. 8. Ditames periciais. LECCIÓN 8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN (II) 1. A entrada e rexistro en lugar pechado e domicilio e o rexistro de libros, papeis e obxectos persoais. 2. A detención e apertura de correspondencia escrita e telegráfica. 3. As medidas de investigación tecnolóxica. 3.1. A Interceptación de comunicacións telefónicas e telemáticas. 3.2. A captación e gravación de comunicacións orais mediante dispositivos electrónicos. 3.3. A utilización de dispositivos de captación de imaxe, seguimento e localización. 3.4. O rexistro de dispositivos de almacenamento masivo de información.3.5. O rexistro remoto sobre equipos informáticos. 4. Inspeccións e intervencións corporais. 5. Probas de alcoholemia e de sustancias estupefacientes. 6. Outras dilixencias de investigación. LECCIÓN 9. As MEDIDAS CAUTELARES E DE PROTECCIÓN 1. Concepto, características e orzamentos. 2. Medidas cautelares persoais: A Detención. Control xudicial das detencións ilegais: o procedemento de habeas corpus. A prisión preventiva. A liberdade provisional. 3. Medidas cautelares limitativas de dereitos. 4. Medidas de protección: orde de afastamento. Orde de protección. 5. Medidas cautelares reais. LECCIÓN 10. A FASE INTERMEDIA 1. A denominada "fase intermedia": función. 2. Desenvolvemento da fase intermedia nos distintos procesos ordinarios. 3. O sobresemento. 4. A apertura do xuízo oral. 5. Os escritos de cualificacións provisionais. 6. A conformidade. LECCIÓN 11. O XUÍZO ORAL 1. Actos previos ao xuízo. 2. As "cuestións previas". 3. Práctica da proba. 4. As cualificacións definitivas. 5. A ""tese"" de desvinculación do órgano xurisdiccional (artigo 733 LECrim). 6. Informes e última palabra. 7. A suspensión do xuízo oral. LECCIÓN 12. A SENTENZA PENAL 1. Estrutura e forma. 2. Requisitos. 3. A valoración da proba: presunción de inocencia e principio in dubio pro reo. LECCIÓN 13. EFECTOS DO PROCESO 1. Efectos xurídicos: a "cousa xulgada": concepto e fundamento. Orzamentos e límites. Tratamento procesual. 2. Impugnación da cousa xulgada: O proceso de revisión. O recurso de anulación.

PARTE TERCEIRA: O SISTEMA DE RECURSOS	Lección 14. CONSIDERACIÓNS XERAIS. Os RECURSOS *INTERLOCUTORIOS 1. O dereito ao recurso no proceso penal. 2. Clases de recursos. 3. Efectos. 4. Recurso de reforma. 5. Recurso de *súplica. 6. Recurso de queixa: modalidades da queixa. Lección 15. O RECURSO DE APELACIÓN 1. Concepto, natureza, competencia e lexitimación. 2. O recurso de apelación contra autos. 3. O recurso de apelación contra sentenzas. Lección 16. O RECURSO DE CASACIÓN 1. Concepto, natureza, competencia e lexitimación. 2. Resolucións contra as que procede. 3. Motivos de casación. 4. Procedemento.
PARTE CUARTA: TIPOLOXÍA DE PROCESOS PENAIS	Lección 17. PROCESOS ORDINARIOS 1. O proceso por delitos graves. 2. O proceso abreviado. 3. O procedemento para o xuízo por delitos leves. Lección 18. PROCESOS PENAIS ESPECIAIS E CON ESPECIALIDADES 1. O axuizamento rápido de delitos. 2. O proceso ante o xurado. 3. O proceso de menores. 4. O proceso de comiso autónomo. 5. Outros procesos especiais ou especialidades procesuais.
PARTE QUINTA: A EXECUCIÓN PENAL	Lección 19. A EXECUCIÓN DE PENAS 1. A execución penal. 2. Execución de penas privativas de liberdade. Suspensión da execución. Liberdade condicional. 3. As medidas de seguridade privativas de liberdade. 4. Penas privativas de dereitos e penas accesorias. 5. Medidas de seguridade non privativas de liberdade. 6. Penas de contido patrimonial. 7. Execución da condena por responsabilidade civil.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	34.5	61.5	96
Estudo de casos	15	33	48
Exame de preguntas obxectivas	1.5	0	1.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	0	1.5
Observación sistemática	0	2	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.
Estudo de casos	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/ás dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos. Previo acordo co alumnado, as tutorías poderanse atender presencialmente ou por medios telemáticos.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuatrimestre realizaranse nas datas indicadas na planificación docente 2 probas tipo test. Estas probas non liberan materia de cara ao exame final.	30	A2 B1 C28 D3 A3 B3 C29 D5 A5 B4

Exame de preguntas de desenvolvemento	Na data fixada no calendario oficial de exames, realizarase un exame teórico oral ou escrito, que comprende toda a materia.	40	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C28	D1 D3 D5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data indicada na programación docente realizarase unha proba de carácter práctico consistente na resolución, por escrito, dun ou varios supostos.	20	A2 A3 A5	B1 B3 B4	C28 C29	D1 D3 D4 D5
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas; a preparación e realización dos supostos prácticos; cando así proceda, a asistencia a actividades formativas organizadas pola área de Dereito Procesual; e, en xeral, calquera actividade desenvolvida polo alumnado á marxe das dúas probas test e da proba práctica escrita e da proba teórica oral, serán avaliados polo docente durante todo o cuadrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 10%..	10	A2 A3 A4	B1 B3 B4		D1 D4 D5

Other comments on the Evaluation

Na materia Dereito Procesal Penal seguiranse dous sistemas de avaliación, tanto na primeira convocatoria (maio/xuño) como na segunda (xullo): avaliación continua ou exame final.

1º.- AVALIACIÓN CONTINUA. Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar asistencia a un 80 % das clases teóricas e prácticas, sen que, salvo casos excepcionais -ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, se permita xustificar a ausencia. O sistema de avaliación continua consistirá en: a) 2 probas teóricas tipo test, que se realizarán nas datas indicadas na planificación docente que se proporcionará aos alumnos ao comezo de curso; a nota media obtida nestas probas representará o 30% da cualificación final. b) 1 proba práctica escrita, que se realizará na data indicada no calendario oficial de exames que representará o 20% da cualificación final. c) 1 proba teórica oral, sobre toda a materia, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 40% da cualificación final. d) Asistencia regular, participación activa en clase, preparación e realización dos supostos prácticos e participación en actividades organizadas pola área de Dereito Procesual, e que representará o 10% da cualificación final.

En calquera caso, para que se entenda superada a materia, é necesario obter nesta proba teórica polo menos un 5 sobre 10. De non alcanzarse esta nota mínima de 5 sobre 10, non se procederá ao cómputo da avaliación continua e a nota final corresponderase coa nota obtida na proba teórica.

Notas importantes: a) Para ser evaluado conforme ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá realizar a proba teórica oral, a proba práctica escrita e, polo menos, unha das probas teóricas tipo test. b) Os/as alumnos/as que sigan o sistema de avaliación continua e que non superen a materia na primeira convocatoria (maio/xuño), de facer á segunda convocatoria (xullo) poderán optar por: - Que se lles manteña a cualificación obtida nas probas tipo test e na proba práctica realizadas durante o curso (no caso da proba práctica, só se consta aprobada, se non, deberá realizar novamente tamén a proba práctica, que supoñerá o 20% da cualificación final), nese caso o exame consistiría nunha proba teórica oral sobre toda a materia, que representará o 40% da cualificación final, e na que deberán obter polo menos un 5 sobre 10 para entender superada a materia. - Facer un exame final nos términos que se indican a continuación.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

2º.- EXAME FINAL. Os/as alumnos que decidan non seguir o sistema de avaliación continua ou que non realicen as actividades necesarias para ser evaluados conforme a este sistema, serán evaluados cun exame final, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 100% da cualificación final. O devandito exame constará de: a) Unha proba práctica escrita, consistente na resolución, por escrito, de un o varios supostos. Esta proba práctica representará o 30% da cualificación final. b) Unha proba teórica oral sobre toda a materia, que representará o 70% da cualificación final.

Nota importante: Para que se entenda superada a materia, o/a alumno/a deberá obter nesta proba teórica oral, polo menos, un 5 sobre 10 puntos. De non alcanzarse esta nota mínima, a nota final que figure na acta será a obtida nesta proba teórica.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

3º.- CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA. Na convocatoria de fin de carreira o sistema de avaliación será o de exame final

nos términos expostos anteriormente.

OUTRAS INDICACIÓNS

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso académico e publicadas na web da Facultade.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GÓMEZ COLOMER, J.L.; BARONA VILAR, S. (Coords.), **Proceso Penal. Derecho Procesal III**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

Complementary Bibliography

ASENCIO MELLADO, J.M. (Dir.), **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GIMENO SENDRA, V., CALAZA LÓPEZ, S., DÍAZ MARTÍNEZ, M, **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

MORENO CATENA, V., (Dir.), **El proceso penal. Doctrina, jurisprudencia y formularios (5 vols.)**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

CONDE-PUMPIDO FERREIRO, C.,, **Comentarios a la Ley de Enjuiciamiento Criminal y otras leyes del proceso penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

Tirant online,

Aranzadi Westlaw,

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito penal II/V08G081V01402
Dereito penal I/V08G081V01302
Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403

IDENTIFYING DATA				
Dereito internacional privado				
Subject	Dereito internacional privado			
Code	V08G081V01602			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Mandatory	3	2c
Teaching language				
Department	Dereito privado			
Coordinator	Velázquez Pérez, Rafael Andrés			
Lecturers	García Vidal, Javier Velázquez Pérez, Rafael Andrés			
E-mail	randres@uvigo.es			
Web				
General description	O Dereito internacional privado está formado polo Dereito procesual civil internacional e o Dereito aplicable ás relacións xurídico privadas internacionais			

Resultados de Formación e Aprendizaxe
Code

Resultados previstos na materia	
Expected results from this subject	Training and Learning Results

Contidos	
Topic	
TEMA 1. Fundamentos.	1. O obxecto, o contido e a estrutura do Dereito internacional privado. 2. As fontes do Dereito internacional privado
PRIMEIRA PARTE: A COMPETENCIA XUDICIAL INTERNACIONAL. Tema 2: A competencia xudicial internacional no Regulamento Bruxelas *I.	1. Ámbitos de aplicación do Regulamento. 2. Verificación da competencia, *admisibilidad da demanda. 4. Autonomía da vontade. 5. O domicilio do demandado.
